

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Maio 2006 COMUNICADO

Incremento das vendas do comercio polo miúdo en Galicia no mes de maio de 2006 con respecto a un ano antes

No mes de maio de 2006 as vendas do comercio polo miúdo en Galicia aumentaron un 10,3% con respecto ao mesmo mes do ano anterior

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en Galicia rexistrou no mes de maio de 2006 un incremento interanual en termos correntes do 10,3%, cifra que se mantén cando se corrixe a serie do efecto producido polo calendario.

No que vai de ano, este índice creceu un 6,8%, un 6,4% se se mide en termos de serie corrixida de efecto calendario.

En maio de 2006, as vendas de produtos de alimentación incrementáronse en termos correntes un 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior. As de equipamento da persoa aumentaron un 5,0% e as de equipamento do fogar un 7,9%. As vendas doutros bens foron as que máis se incrementaron con respecto a un ano antes, presentando una taxa de variación interanual do 22,9%.

Nas grandes superficies non especializadas de Galicia as vendas creceron un 8,2% con respecto ao mesmo mes do ano anterior

Os índices elaborados por tipo de actividade da empresa indican, un mes máis, un incremento superior das vendas dentro das empresas de comercio especializado como actividade principal. Así, o índice de maio de 2006 elaborado para este tipo de empresas aumentou en termos correntes un 13,2% con respecto ao mesmo mes de 2005, o do non especializado creceu un 4,3%.


O índice de vendas de grandes superficies non especializadas de Galicia presenta en maio de 2006 unha taxa de variación anual do 8,2%, en termos correntes.

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Maio 2006.
Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	130,5	10,3%	6,8%
Xeral (corrixido de calendario)	132,5	10,3%	6,4%
Por actividade			
Especializado	126,7	13,2%	9,3%
Non especializado	134,9	4,3%	1,9%
Grandes superficies	152,0	8,2%	5,1%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>